

A escritura musical

Todas as culturas de todos os tempos e todos os sitios do planeta teñen música, mais non sabemos como era a de tempos pasados da maioría das culturas e mesmo da nosa porque non puido rexistrarse de ningunha maneira e co paso do tempo esqueceuse.



A que cultura pertence esta imaxe?

Cando non había medios electrónicos para grabar a música o primeiro que se lles ocorreu foi escribila.


Pode que che pareza é que doado crear un sistema de escritura musical, mais non foi nada doado, proba delo é que só na nosa cultura se conseguiu apesar de que algúns outros pobos o intentaron antes.

COMO COMENZOU A ESCRITURA MUSICAL:


Da antiga Grécia, S. VIII a.C., contamos con numerosos escritos e mitos sobre música, representacións de instrumentos, etc. e sabemos que intentaron crear un sistema de escritura musical usando letras, mais ese sistema é tan pouco claro que non se pode interpretar agora nada do pouco que hai escrito nel.

O SISTEMA DE ESCRITURA QUE TEMOS COMENZA NA EDADE MEDIA.

Coa implantación do cristianismo estendeuse un tipo de canto relixioso coñecido coma CANTO GREGORIANO. Estes cantos tiñan que ser aprendidos de memoria polos cantores e ás veces eran moi longos e cheos de meslimas (moitas notas cunha mesma sílaba) entón para axudar á memoria ocorreuselless por signos encima dos textos, estes signos chamáronse NEUMAS polo que esa escritura coñécese coma ESCRITURA NEUMÁTICA.



Esta escritura comenzouse a utilizar alá polo S. VIII. Cantos anos fai deso?



Máis adiante, arredor do ano 1000 comenzáronse a por liñas, primeiro unicamente unha e logo máis, ata catro, tetagrama, no que aínda se escribe agora o canto Gregoriano, e logo

cinco dando lugar ao pentagrama actual.

Unha figura fundamental nesta evolución foi GUIDO DE AREZZO, un monxe do norte de Italia da época.

Mira o seguinte documental sobre a evolución da escritura musical: <http://www.youtube.com/watch?v=bPr-QYel7FU>

A escritura musical sigue evolucionando e hai compositores actuais que crean partituras que nos resultan realmente estranas



MÚSICA MEDIEVAL

O CANTO GREGORIANO é o canto oficial da Igrexa católica, polo tanto é música relixiosa. O seu texto está sempre **en latín** que é o idioma oficial da igrexa. È

monódico e dicir cantase a unha soa voz, se canta un coro todos cantan exactamente o mesmo. Cantase **a capella** ou sexa sin cacompañamento de instrumentos. Escribese **sin compàs**, e dicir que non se acentúa regularmente cada dous, tres ou catro tempos, senón que se acentúa segùn o texto, acentùnase as sílabas tónicas de cada palabra.

Este canto comenzo a formarse no S. IV, coa expansión do cristianismo, e chámase gregoriano en honor do papa Gregorio o Magno que no S. VI fixo unha recopilación de cantos para unifica-la litúrxia das distintas seccións da Igrexa espalladas polos países cristiáns de aquela época.

Exemplo de canto gregoriano: <https://www.youtube.com/watch?v=OLMeHBkLQJo>

A partir do **S. IX nace a POLIFOONIA** ou sexa comenzo a cantar facendo **várias melodías à vez**. Empezan por facer "**Organa**" que consiste en coller un canto gregoriano e engadirlle outra melodía. Durante toda a Idade Media foise desenrolando esta maneira de compoñer música, engadíndolle unha, dúas e ata tres melodías a un canto gregoriano cambiándolle a letra de motivo relixioso por letras profanas facendo así "cancións profanas". Houbo épocas nas que se lle puxo un texto disitnto a cada melodía co que se cantaban tres ou catro textos à vez.

A orixe da polifonía está en París, alí foi onde se comenzo a facer "organas" a dúas voces.

https://www.youtube.com/watch?time_continue=63&v=YjCN9lhCQWo

En Galicia temos o privilexio de conservar a "partitura" a tres voces máis antiga de todo o mundo, trátase dunha obra a tres voces conservada no **Códice calixtino**, un "libro" que está na catedral de Compostela.

O **Códice Calixtino** está formado por cinco tomos. Data do SXII, nun intento de dar maior importancia a este documento deuse a entender que o autor foi o Papa Calixto II, mais sábese sen ningunha dúbida que está escrito en Compostela, contén música en gregoriano, organa a dúas voces ea obra "Congaudeant Catolici" a tres voces

MÚSICA PROFANA MEDIEVAL EN GALICIA

En Galicia temos tamén várias mostras de música (ademais da mencionada antes) medieval coma poden ser as cantigas de Martìn codax ou as cantigas de Santa María de Alfonso o X. O sabio (escritas en galego anque el non o era). En literatura galega falarás da lírica galegoportuguesa medieval, as Cantigas de Amigo, de amor, de Escarnio e Maldecir. Pois ben moitas desas cantigas de seguro que se cantaban mais por desgracia so conservamos a música dunhas poucas. Estas cantigas non estaban escritas en latín coma a música relixiosa senón **en galego-portugués**, idioma que no S XIV se falou en boa parte da península ibérica. Os autores máis destacados dos que se conserva música desta época son:

-**Martín Codax** trovador da zona da ría de Vigo do que non se sabe moito da súa vida

-**Alfonso X "O Sabio"** rei de Castela e León autor das famosas **Cantigas de Santa María**, máis de catrocentas cantigas en galego-portugués adicadas a Santa María.

Outras informacións importantes sobre a música medieval obtense das representacións de instrumentos desa época que existen be esculpidos en pedra, ben nas "ilustracións" dos códices:

Os códices nos que están recollidas as cantigas de Santa María teñen moitas ilustracións de instrumentos

ademais no Pòrtico da Gloria de Santiago, no do Paraíso en Ourense e noutras igrexas románicas temos esculpidos con grande fidelidade instrumentos da época. Na de Agudelo, que tamén é desa época, hai home tocando un pandeiro

<https://www.youtube.com/watch?v=hCGyDmclpS8>

"Santa María Strela do día"

Cantigas de Santa María
Alfonso X -Cantiga n° 100

Andantino

Percusión

Flauta
voz

Placas

San - ta Ma - rí - a estre - la do dí - a mos - traos ví - a per - deus et nos guí - a

fine

9

percusión

9

flauta
voz

placas

ca - ver - er - fa - ze os e - rra - dos que - per - der — fo ran perpe - ca - dos —

percusión

17

flauta
voz

placas

en - ten - der - de que mu - i cul - pa - dos son - mais per - ti son per dá a dos

